

Concello de Ponteareas

Expediente: 2359/2020

Asunto: medidas prevención COVID-19.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

A Lei Orgánica 3/1986, de 4 abril, sobre Medidas Especiais en Materia de Saúde pública, establece no artigo 1 que ao obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas Administracións Públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na presente Lei cando así o esixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

Pola súa banda, a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeneral de Sanidade establece no art. 42.3 que os Concellos, sen prexuízo das competencias das demais Administracións Públicas, terán as seguintes responsabilidades mínimas en relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios:

b) Control sanitario de industrias, actividades e servizos, transportes, ruídos e vibracións.

c) Control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente dos centros de alimentación, barberías, saunas e centros de hixiene persoal, hoteis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade físico deportivas e de recreo.

No ámbito autonómico, a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, no artigo 33.1 reconece a condición de autoridade sanitaria dos alcaldes e alcaldesas, ao que se suman as competencias dos concellos do control sanitario de actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía, dos lugares de convivencia humana (artigo 80.3 da lei citada), así como da súa competencia para a ordenación e control do dominio público.

Polo tanto, os alcaldes e alcaldesas, como autoridade sanitaria, deben garantir nas referidas actividades, servizos e lugares de convivencia humana os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía (artigo 33.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia) e, polo tanto, garantir a vixilancia, inspección e control do cumprimento das medidas preventivas aprobadas pola Administración autonómica e daquelas que, no seu desenvolvemento e atendendo á situación concreta, poida establecer o correspondente concello.

Finalmente, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, establece no artigo 1.3 que se entende por emerxencia unha situación sobrevida, de carácter inesperado, que afecta en menor ou maior grao á seguridade das persoas; e segundo o artigo 3 os obxectivos son identificar, analizar e avaliar de maneira permanente os riscos existentes no territorio, previlos e planificar as respostas. De conformidade co artigo 27.2 a persoa titular da alcaldía é a autoridade municipal superior de protección civil e xestión de emerxencias.

A expansión do coronavirus COVID-19 está xerando unha profunda crise sanitaria, o que derivou na aprobación de diversa normativa, e na máis recente:



Concello de Ponteareas

- O Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.
- DECRETO 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (DOG Núm. 223-Bis Mércores, 4 de novembro de 2020).
- ORDE do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG Núm. 223-Bis Mércores, 4 de novembro de 2020). Nesta Orde dispónse no punto 4 do apartado segundo, que serán aplicables ao Concello de Ponteareas as medidas máis restritivas dos anexos II e III e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I.

O pasado 29 de outubro, por resolución de alcaldía aprobáronse unha serie de medidas considerando que segundo datos oficiais publicados polo Servizo Galego de Saúde, Ponteareas situábase en nivel de alerta vermella ao superar nos últimos sete días os 21 novos casos positivos de COVID-19, confirmados por PCR. Considerando que malia que a Consellería de Sanidade non facilita o número concreto de persoas contaxiadas na localidade, resulta preciso seguir contribuindo a pór freo á escalada de contaxios con medidas de prevención que se recollen nesta resolución e teñen un evidente fundamento sanitario, dados os riscos de transmisión dunha enfermidade contaxiosa como a que nos ocupa. Por todo elo, e de conformidade co art. 21.1. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local , **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar as seguintes medidas no termo municipal de Ponteareas que son de aplicación a partir do día 7 de novembro ás 00,00 h. ata o 4 de decembro de 2020 ás 15 h. salvo prórrogas ou cambios normativos:

- Supresión das visitas á Residencia de Miores Santa Ana
- Suspensión de todas as actividades e eventos socioculturais en instalacións públicas así como en Centros Culturais, con excepción da Biblioteca Municipal, que permanecerá aberta para o préstamo de libros. Esta medida implica tamén a suspensión dos bingos sociais.
- Intensificación da desinfección en espazos públicos, como parques infantís e biosaudables.
- Limitación dos postos nas feiras e mercados só a produtos agroalimentarios.
- Procédese ao peche das instalacións deportivas municipais, que só se poderán empregar para o desenvolvemento de competicións federadas, que se realizarán sen presenza de público e seguindo nas demais circunstancias o protocolo Fisi-Covid da Xunta de Galicia.



Concello de Ponteareas

SEGUNDO. Lembrar á veciñanza que están vixentes as seguintes medidas, de conformidade coa normativa autonómica, que son de aplicación a partir do día 7 de novembro ás 00,00 h. ata o 4 de decembro de 2020 ás 15 h. salvo prórrogas ou cambios normativos:

1. Limitación da entrada e saída de persoas no ámbito territorial do Concello de Ponteareas.

EXCEPCIÓNS:

- a) Asistencia a servizos sanitarios.
- b) Obrigacións laborais ou profesionais.
- c) Asistencia a universidades, centros educativos ou escolas infantís.
- d) Retorno ao lugar de residencia habitual tras actividades permitidas.
- e) Asistencia e coidade a maiores, menores, dependentes...
- f) Desprazamento a entidades financeiras, seguros ou estacións de servizo en concellos limítrofes
- g) Actuacións ante órganos públicos, xudiciais ou notariais
- h) Renovacións de permisos, documentos oficiais ou outros trámites inaprazables
- i) Causa de forza maior ou necesidade.
- j) Outra actividade debidamente acreditada

2. Limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno: Entre as 23 h e as 6 h, non se poderá circular polas vías o espazos públicos con excepcións:

- a) Adquisición de medicamentos, produtos sanitarios ou de primeira necesidade.
- b) Asistencia a servizos sanitarios.
- c) Asistencia a servizos veterinarios por motivo urxente.
- d) Obrigacións laborais ou profesionais.
- e) Retorno ao lugar de residencia habitual tras actividades permitidas.
- f) Asistencia e coidade a maiores, menores, dependentes...
- g) Causa de forza maior ou necesidade.
- h) Repostaxe en gasolineras para realizar algunha das excepcións.

3. A permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público e privado, tanto ao aire libre como espazos pechados, queda limitada a persoas conviventes, agás a actividades laborais, sindicais, administrativas, universidades, centros educativos ou ocupacionais, competicións deportivas



Concello de Ponteareas

federadas, asistencia e acompañamento a maiores, menores ou dependentes, forza maior ou situación de necesidade.

4. Todas as persoas deberán tomar as medidas de protección e cautela, de seguridade e hixiene da Covid19

- As persoas con sintomatoloxía Covid19 deberán comunicálo ao seu servizo sanitario e permanecer na súa vivenda seguindo as indicacións.

- A distancia de seguridade interpersonal é de 1,5 m. mínimo.

- É obrigatorio o uso da máscara.

- As persoas que tiveran contacto estreito cun positivo en Covid-19, permanecerán na situación de illamento ou corentena que lle indiquen os servizos de saúde da Xunta de Galicia, non podendo abandonar o seu domicilio salvo autorización expresa.

Recoméndase as persoas maiores de 75 anos e aquelas máis vulnerables evitar na súa actividade diaria a saída á vía pública ou espazos abertos ao público nas horas de maior afluencia de persoas.

5. As actividades de festas, verbenas, eventos populares, atraccións de feiras, espectáculos públicos e actividades recreativas e de xogo seguen suspendidas.

6. A asistencia a lugares de culto non poderá superar as 25 persoas asistentes. O velatorios e enterros non poderán superar as 25 persoas ao aire libre ou 10 en espazos pechados. A comitiva será dun máximo de 25 persoas máis a oficiante.

7. Suspensión e peche temporal de establecementos públicos, como salas de bingo e de xogo, tendas de apostas, salóns recreativos, parques multiocio, salas de concertos, salas de festas, pubs, discotecas, cafés-espectáculo, centros de ocio infantil e xuvenil e ludotecas. Así mesmo, producirase o peche temporal de establecementos de restauración, como restaurantes, salóns de banquetes, cafeterías, bares ou furanchos. Só poderán ofertar os servizos de recollida no local ou entrega a domicilio.

8. Locais comerciais minoristas e de servizos que non forman parte de centros comerciais, poderán permanecer abertos ao 50% da súa capacidade total cun aforo máximo de 30 persoas en espazos pechados e 75 persoas ao aire libre. Deberán contar cun servizo de atención a maiores de 75 anos, fixando horarios de preferencia para eles.

Excepcións: Establecementos de alimentación, bebidas, bens de primeira necesidade, farmacias, servizos médicos, ópticas, ortopedias, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa, papelería, combustible para automoción, estancos, tecnoloxía e telecomunicacións, alimentos de animais, comercio por internet, telefónico o correspondencia, tinturerías e lavanderías. Deberán contemplar as normas de hixiene e protección.

9. Academias, autoescolas e centros privados de ensinanza non regrada, así como centros de formación. Poderán impartir formación de xeito presencial ata o 50 % da súa capacidade.

10. Congresos, encontros, reunións de negocio, conferencias, reunións profesionais, xuntas de comunidades de propietarios e similares. Poderán celebrarse cun máximo de 30 persoas en espazos pechados e 75 persoas ao aire libre.





Concello de Ponteareas

TERCEIRO. Dar a máxima difusión das medidas e información contidas na presente resolución.

O alcalde
Xosé Represas Giráldez
Ponteareas, documento asinado electronicamente

Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647



Cod. Validación: AJSFWCYLSHJCTL6JM7WYCR7JJ | Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5